consellos, entre eles o que se poida deducir do retrouso aquel que fala de fume e leña verde. O mundo perdía unha novela, xaora, mais eu gañaba un amigo leal, eses que non refugan dicir o que pensan sobre a vida ou sobre as letras. Mais hai amigos que din a verdade e desaniman –adrede ou non– e outros que conseguen enganchar nas súas críticas e opinións todo o contrario. Sabendo que aquela primeira andaina miña equivocara o camiño, Xulio acertou a dicirme, no entanto, que ningún camiño é de todo estéril, e que só andando e andando se aprende a andar. Así se deducía das amables liñas que riscou nun exemplar d’*O que non quedou no protocolo* co que marchei da súa casa aquela tarde: *Dedicado a Xabier López, desexándolle un grande éxito como novelista.*



Aquilo, adiviñáste-lo, foi só o principio. Como dixen ao comezo, nunca me sentín tan escritor, nunca, xamais, levei unha vida tan literaria coma naqueles días. Teño participado en Congresos, mesas redondas, platós de televisión, mesmo nalgún simposio no estranxeiro, e nada disto, en realidade, logrou facerlle unha miga de sombra a aqueles tempos dos que falo. Comecei a visitar a casa de Xulio cunha asiduidade voraz. E non facía falla ningún pretexto especial para facelo. As horas, con el, facíanse curtas. Falabamos de literatura, de música, mesmo da intrahistoria deste Betanzos noso, ás veces tan esquivo e espiñento. Prestábame libros, deixábame ler os borradores dos seus últimos traballos, e discutíamnos arredor de cousas tan graves e ao tempo tan ingravidas coma o *humor*, a *saudade* ou os vimbios todos d’*O Círculo de xiz caucasiانو*. Sempre baixo os auspicios de Marina, insubstituíble mestra de cerimoniais. Sempre cunha copa dese whisky escocés que, repito, só bebín con el e na súa casa.

Ao pouco chegou todo o demais. A espera conxunta de diante da Biblioteca, á hora do peche, para ir tomar os viños con Veiga. A miña entrada en Eira Vella e con ela o re-descubrimiento de Suso Torres, outra das figuras fundamentais nos meus anos de formación. O primeiro borrador do que logo se ía converter na miña primeira novela publicada. A cea na miña casa para celebrarmos o «si» da editorial. Os paseos a altas horas da noite, de volta dalgunha xuntanza, falando de deus e do diaño – sobre todo deste último– mentres a vila, solitaria, silenciosa, ensumida na néboa, acaso se preparaba para levitar e saír voando coma o Globo ou coma Castroforte do Baralla, senón é que xa estaba aí, suspendida no infinito, recibindo no empedrado os pasos demorados dos mais despreocupados aeronautas.

O dito. Non sei se ten razón o crítico aquel cando di que ser escritor comporta unha determinada, e nada común, maneira de entender e enfrontar a vida. O que si podó asegurarse é que, se algunha vez logrei vivir así foi por culpa de persoas coma Xulio. Coñecelo foi unha beizón; un privilexio. E se algunha vez non llo dixen, quen sabe se por pudor ou timidez, fágoo agora e coa boca ben grande:

Grazas por todo, Xulio.

Outro escritor mozo que recibíu estímulos teus e orientacións cando comezaba é o poeta de Abegondo Maxi Rei, quen por certo tivo un papel protagonista na estrea da túa obra «Alter Ego», cando aínda era estudante de bacharelato, levada á escea pola Agrupación Teatral Mariñán.

Maxi quixera estar hoxe aquí máis atópase traballando en Sevilla, onde exerce de profesor de ensino secundario.

Pero se non o temos en presenza, témolo en espírito. El enviou un poema seu escrito para ser lido aquí:

A BETANZOS QUIXERA VOLVER

Para o meu amigo Xulio Cuns

amigo Xulio,
coñecímonos fai arredor de quince anos
cando Betanzos era para min un horizonte no que non collían as ilusións dos meus ollos
cando devecía por descubrir tantas palabras e tantos recunchos

Que ti gardabas tras un sorriso de outonos invencibles

amigo Xulio
 a Betanzos quixera volver para erguer de novo os hórreos da abundancia
 daquel tempo que na nostalgia ten cor de bronce ou ámbar
 onde baixaba desde a miña aldea coas mans ávidas de porvir
 para atopar en ti
 amigo Xulio
 un pórtico inmenso onde achegarse e contemplar a grandeza da nosa cultura
 a túa voz galega sempre tan viva e tan xenerosa
 que me abría camiños por onde o verso debía andar
 que me agasallaba adozadas tardes
 onde escoitarte
 amigo Xulio
 era nunca fartarse de probar dos exquisitos tesouros da túa memoria oceánica

amigo Xulio
 a Betanzos quixera volver
 para buscarte e atoparte e sorrirche e encherme de ledicia
 para que na transparencia mol da tarde estale a túa risa
 como trebón de vida co que se enchoupen os nosos ollos
 e agromen retallos de conversas ó abeiro duns viños
 non hai
 amigo Xulio
 ouro fora de Betanzos para pagar eses momentos

Maxi Rei

Unha persoa coa que asinaches traballos conxuntos e coa que pasaches moitas horas nos últimos tempos é un traballador da biblioteca e arquivo municipal.

Traballos como o dos Serenos, publicado no *Anuario Brigantino*, ou o esgotado libro das *Orquestras Populares das Mariñas*, todo un best-seller que hoxe aínda busca moita xente, realizachelos conxuntamente co amigo XOSÉ MARÍA VEIGA

Boas tardes

Dicir algo de Xulio Cuns non é unha cousa difícil, xa que Xulio deu moito que dicir...

Téñenme contado que Xulio xa de pequeno era rariño: gustáballe estudar, ler libros que non lle mandaban na escola, pasaba o tempo enredando cunha guitarra no portal, e cando saía a xogar volvía limpo para a casa... e eso na Ponte Vella era moi raro.

Creo que nunca lle gustou moito xogar, nin de neno nin de maior.

A foto da exposición na que apareces de futbolista... ¡é unha toma falsa!

De fútbol non ten nin idea... esto xa o dicía o Manín -non sei se vos acordades del, fora xogador e utillero do Brigantium-, quen despois de moito insitirle logrou que lle fose dicindo os resultados dos partidos da quiniela... as respostas xa vos podedes imaxinar... cando rematou, o Manín mirou para el e díxolle:

-Xulio ti de fútbol non entendes nada. E co mesmo foille rebatindo un a un os resultados que non lle pareceron atinados, alporizándoo sobremaneira o dous que lle puxera ó Madrí que xogaba na casa co Sabadell.

Ó final o Manín non a botou e resultou que os tiña todos acertados.

Para os xogos non, pero para calquera cousa relacionada coa cultura de Betanzos nos últimos



anos, é difícil non atoparse no medio con Xulio...que si había teatro alí estaba Xulio, que si había calquer evento musical alí estaba Xulio, que había que dar unha conferencia, pois diciáselle a Xulio, que ata nos Xogos Florais andivo metido polo medio.

Tal é así que Betanzos non sería o mesmo sen él. En Betanzos sucederon as historias e anécdotas que el nos ten contado, e coas que sempre che arranca un sorriso.. Historias que para os demais pasarían desapercibidas, el convirteas en excepcionais... en cousas que non pasan en ningún lado namais que en Betanzos.

Para min o máis importante é que me conte entre os seus amigos...

...amigos que polo que vexo aquí tes uns cantos...

...que non se che ocorra convidarnos...que como dicía Norberto o dos Rambaes da banda de Alongos... ¡ non che cheja cun bocoi de jiso!

Noraboa e Feliz cumpreanos.

Hai unha persoa que desempeñou moitos anos a responsabilidade da concellería de Cultura e con quen colaboraches en moitas ocasións.

El quere dedicarche unhas palabras: PACHICO DÍAZ PEREIRA.

Presidenta, don Xulio Cuns Lousa, querida Marina, compañeiros e amigos:

Quero expresar a fonda emoción e admiración que a túa persoa provoca nesta Cidade dos Cabaleiros, don Xulio, querido amigo.

Non che fan falta máis atributos que os da túa propia figura... os do teu talante conciliador, fiel aos teus ideais e ao compromiso cos teus principios á cultura e a Betanzos.

Contigo como testemuña, mais en moitas ocasións como protagonista, esta cidade experimentou unha revolución social e cultural. Nunha ocasión escribiches que tiveras un soño, o dun Betanzos aberto, en efervescencia, activo, dinámico...

As túas respostas (sempre dicías que si), o teu diálogo, o teu apoio... mais sobre todo a túa actitude de entendemento imprescindible no cumprimento das obrigas cidadás, resultaron chave para que, desde a Concellería de Cultura, atopamos puntos de confluencia, superamos inconcibibles receos e... cumpríramos o teu soño.

Xulio Cuns fixo fácil o que noutros sitios foi difícil. A súa paciencia, a súa fe sen límites nos betanceiros, o seu cariño a Betanzos (o teu BETANZOS —así, con maiúsculas—) e a súa xenerosidade contribuíron ao milagre. Quixera expresarche publicamente, nun día coma o de hoxe, cando as miñas responsabilidades xa son outras, a enorme débeda que aquela Concellería de Cultura ten contigo. Porque soubeches comprender perfectamente —a pesar das nosas insuficiencias e defectos— que o obxectivo dunha administración é o benestar da cidadanía. Aínda lembro cando esta Aula de Cultura, recién estreada, non tiña butacas por falta de orzamento e a xente protestaba porque poñiamos cadeiras de madeira pregables... «tranquilo, Pachico, o importante non é o continente, senón o contido... ti segue a programar, que o das cadeiras é o de menos». Grazas.

Querido e magnífico amigo, o teu apoio incondicional nos momentos difíciles, a túa clara e inequívoca defensa da cultura convertéronte no mellor compañeiro de viaxe. Lembro e sinto, o teu apoio acalorado e apaixonado cando, despois de meses de traballo, logramos reunir en Betanzos, coa colaboración da Universidade Menéndez Pelayo, algunhas das personalidades máis relevantes do panorama cultural daqueles anos. «Isto si que é!», dicías mentres mirabas a Aranguren, Arrabal, Almeida, Morán... desfilando pola Porta da Vila ou cando rematamos de escoitar o disco conmemorativo do 10.º aniversario da Banda de Música atinaches ao dicir «estes rapaces son uns fenómenos, pódelos levar a calquera parte do mundo».

Tamén lembro con agarimo aquela viaxe a Arxentina, os encontros tan emotivos cos teus amigos da infancia e unha magnífica conferencia na Federación de Sociedades Galegas onde tanta emoción soubeches transmitir que ao final a xente respondeu cunha marea de aplausos.



Non atopo palabras axeitadas para expresarche a miña máxima admiración e respecto, e, tendo en conta a sinxeleza do teu carácter, atino ao dicir, simplemente: grazas.

Grazas polo teu amor a Betanzos.

Grazas pola túa colaboración sempre desinteresada.

Grazas por todo aquilo que compartimos e que «non quedou no protocolo» e sobre todo por deixarme ser o teu amigo.

Tamén está aquí hoxe para decirche algo unha persoa que, entre outras cousas, ven dirixindo o ANUARIO BRIGANTINO que leva o nome e a cultura de Betanzos polo mundo e do que ti fuches e es secretario e asesor dende 1985.

Doulle paso a ALFREDO ERÍAS:

Querido amigo Xulio:

Ti sabes que eu son de familia de músicos. Pois ben, desde que recordo, o teu nome xa se dicía na miña casa de Presedo con admiración e respecto. Falábase de ti como un dos grandes músicos de Betanzos e como un bo amigo de meu pai, Antonio, o trompetista, e de meu tío Manuel, «Seba», o trombonista. Así que, dalgún xeito, xa fun sabendo de ti desde moi neno. Souben máis das túas andanzas na época do Instituto, pero en realidade cando nos coñecemos de verdade foi naqueles primeiros anos (desde 1981) en que me ocupei da Biblioteca e do Arquivo.

Logo, cando a principios de 1984 se me nomeou director do Anuario Brigantino precisei de contar contigo e ti non me fallache.

Recordo moi ben que por aquel tempo non tiñas moi boa imaxe dos historiadores e eu, canso xa de escoitar os teus razoamentos ó respecto, pensei en poñerche unha trampa, na que afortunadamente caiche. Estabamos ordenando o Arquivo e apareceron uns expedientes relativos á Banda Municipal de Betanzos. Un día que estabas na Biblioteca, púxencho diante, como quen non quere a cousa, e en canto empezaches a ler xa non paraches ata facer dous traballos: "La Banda Municipal de Betanzos en el siglo XIX", que saíu no Anuario Brigantino 1984 e "La Banda Municipal de Betanzos en el siglo XX", no Anuario do 86. A partir daí xa non houbo quen te parase e o Anuario recolle moitos outros traballos teus (algúns en colaboración con Xosé María Veiga ou Carlos Fernández):



«Rabusco» (AB 1989).
«O humor na poesía popular galega» (AB 1991).
«Testemuña ocular» (AB 1992).
«O teatro en Betanzos» (AB 1993).
«Lendo ó Padre Martin Sarmiento» (AB 1995).
«Xogos Florais» (AB 1995).
«Presentacion da V mostra documental de Betanzos» (AB 1996).

«RE, NON VERBIS (De feito, non de palabra)» (AB 1997).
«Memorias dunha viaxe de ida por volta á República Arxentina e á Oriental do Uruguay» (AB 1998).
«Pregón da Festa do Viño 1998» (AB 1998).
«Pregón da Feira Franca 1998» (AB 1998).
«A propósito do Apropósito» (AB 1999).
«Os Serenos: historia e

historias da Garda Municipal de Betanzos» (AB 2000).
«O refrán» (AB 2001).
«¿A rosa é ou non é inmarcescível?» (AB 2002). «Premios Xerais, ano 2003: discurso previo» (AB 2003).
«Apuntes gráficos dunha orquestra popular das Mariñas: Os Rambalts» (AB 2004).
«Cumprimento cun amigo» (AB 2006).

Non contento con isto, escribiche varios libros, dos que aquí xa se falou.

Pero eu non pododo esquecerme de que aceptache acompañarme na aventura do Anuario Brigantino, como asesor xa no 1984 e ademais como secretario desde 1985. E así ata hoxe, querido amigo Xulio,



vintecinco anos axudándome e defendéndome. Non hai palabras...

Felicito a Eira Vella por esta fermosa iniciativa, agradézolle a Xabier López que me citase. O único que fixen foi amosarlle o camiño cara a ti, Xulio e o resto veu só.

Xulio, Marina: xa sabedes o que vos quero. Deséxovos o mellor na vida. ¡Moitas apertas! ¡Agradecido eternamente!

Dende moi novo gostouche a música e aprendiches a tocar a guitarra, chegando a acadar un bo nivel.

Contaches unha vez que o teu amigo Manuel Lugilde escribiuche dende Cataluña unha carta que traía este enderezo: «A Julio Cuns, un guitarrista en una ciudad de caballeros en Galicia». E chegouche!

Tocaches a guitarra con moita xente: cos irmáns Xosé Luis e Eduardo Muñoz (que xa nos deixaron os dous), con José de Ramona, con Tino Chao, con Manolo Vidal... Con este e con Suso Bergantiños formaches o trío Evocación. Hoxe temos aquí a outro guitarrista que leva o teu nome e apelido: o teu fillo Xulio Cuns Lendoiro, que vai tocar acompañado de Álvaro Muras.

No teatro fuches actor, tradutor e autor.

Pasados anos dende os tempos de Candilejas, dos que nos falou ao principio Carlos, reviviu a túa afección da man da Agrupación Teatral Mariñán (que se presentou ao público en 1994 con versións túas do *Retablo Jovial* de Alejandro Casona e nunha das pezas tamén tiveches o teu papel).

Ao ano seguinte esta agrupación estreou a túa obra *O esmoleiro* e en 1996 estreaba *Alter Ego*, outra obra túa.

O que foi fundador e director da Agrupación Teatral Mariñán, DANIEL MARTINEZ, vaiche dirixir unhas palabras:



Cuando en septiembre del 87 aterricé en Betanzos, no creí que mi vida iba a participar de él, o de ella, la ciudad. Para mí Betanzos era sólo eso: Betanzos. Las circunstancias, y Julio Cuns, decidieron que fuese de otra manera, y se lo agradezco.

Para empezar, un escenario lúgubre y sombrío: la antigua Biblioteca. Fue nuestro punto de encuentro. Breve y esporádico en principio; después... Como diríamos ahora, Alfredo Erias nos "contactó"; hizo las presentaciones. Charlamos breve y en voz baja (el sitio lo requería), y al salir, con más calma, terminamos el coloquio. Creo que allí nació nuestra empatía.

Pasado un tiempo, tuviste la osadía de hacerme recitar en gallego, a un castellano-hablante poco conocedor de nuestra lengua entonces, nada más y nada menos que ante Manuel María. A partir de aquí, vino el teatro. Juntos fundamos la "Agrupación Teatral Mariñán", que hoy sigue

7 noviembre: Betanzos. Iglesia de Requián: Misa de acompañamiento por la madre de Lourdes Vázquez Gómez, Presidenta de la Coral Polifónica de Betanzos, cantada por la Coral

Del 13 al 28 de noviembre: XLII FESTIVAL SANTA CECILIA

Publicación de las bases del XXXVII CONCURSO LITERARIO JUVENIL

Día 13. Local Social de la Coral: Presentación del Programa de actos del XLII Festival Santa Cecilia.

Día 13. Local Social de la Coral: Fiesta tradicional del Magosto para Componentes y Socios.

Día 14. Aula de Cultura Liceo: CONCIERTO: Actuación de la Orquesta de Pulso y Púa de la Agrupación Musical «Albéniz» de A Coruña.

Día 15: Aula de Cultura Liceo: Concierto de Música de Cámara: Grupo «Ensemble Schubertiade», constituido por Profesores de Conservatorio de Música.

Día 16: Sala de Exposiciones del Edificio Liceo: Inauguración de la Exposición de Pintura «RETROSPECTIVA» del artista local, Alfredo Érias. Abierta del 16 al 30.

Día 18: Aula de Cultura Liceo: RECITAL POÉTICO Y CONCIERTO. CASAHAMLET presenta: «AO RASO COAS LEBRES», sobre Rosalía de Castro. Intérpretes: Santiago Fernández y Manuel Lourenzo. Músicos, Brandán Lourenzo y Manu Clavijo.

Día 21: Local Social de la Coral: HOMENAJE A LA CONSTANCIA: Reunión de convivencia, valoración y agradecimiento de los Componentes de la Coral, para hacer entrega de la **insignia de oro**, a los Componentes de la Coral que cumplen 15 años de permanencia y la **insignia de plata** a los que cumplen 5 años.

Día 21: Aula de Cultura Liceo: TEATRO. El Grupo «Carfax Teatro», presenta la obra «**Portus Veneris**».

Día 22: Festividad de Santa Cecilia, Patrona de la Música. Iglesia de Santiago: Misa Solemne. Residida por el Ilmo. D. Manuel Iglesias Pérez, Canónigo de la S. M. I. Catedral de Santiago de Compostela, aplicada por José Luis Téllez Cabrejas, que fue Organista de la Coral, y por componentes, socios y colaboradores de la Coral fallecidos. Cantada por la Coral Polifónica de Betanzos.

Día 24: Aula de Cultura Liceo: CINE. Proyección de la película «Escuela de Sirenas».

Día 27: Aula de Cultura Liceo. CONCIERTO:

TO: Encuentro de Corales. Participan:

Coral «RENFE» de Monforte, Orfeón «Moaña», y Coral Polifónica de Betanzos.

Día 28: Aula de Cultura Liceo. Clausura del «XLII Festival Santa Cecilia»

Acto Literario: Resolución del XXXVII Concurso Literario Juvenil.

Lectura del Acta del Jurado calificador. Entrega de premios a los ganadores y lectura por sus autores de los trabajos galardonados con el primer premio.

Día 28: Aula de Cultura Liceo: Sesión de Magia, ilusionismo y diversión. Actuación en directo del MAGO PABLO.

10 diciembre: Local Social de la Coral. Reunión de la Junta Directiva de la Coral para hacer balance del 42 Festival Santa Cecilia, y programar las actividades de diciembre.

18 diciembre: Narón. Asociación de Vecinos de San Juan de Piñeiros. Salón de Actos de la Residencia de Ancianos. **Concierto de Nadal**, realizado por la Coral Polifónica de Betanzos.

18 diciembre: Betanzos. Iglesia de San Francisco. **CONCIERTO SOLIDARIO**, en reconocimiento de la labor cultural realizada por las Agrupaciones Musicales y folclóricas de Betanzos, organizado por **Rótery Club** de Betanzos. La recaudación se destina a ayudar a las personas necesitadas. Participan: Agrupación «Carlos Seijo», Asociación «A Fuliada», Asociación «Os Brigantinos», Asociación Santo Domingo «As Garelas», Coral Polifónica de Betanzos y Banda Municipal de Música.

19 diciembre: Betanzos. Aula de Cultura Liceo. Concierto de Nadal. Encuentro de Corales. Participan: Coral del centro Social «Sagrada Familia» de A Coruña y Coral Polifónica de Betanzos.

20 diciembre: Betanzos. Centro Pai Menni. Colegio de Educación Especial Nuestra Señora del Sagrado Corazón, de las Hermanas Hospitalarias. Actuación de la Coral Polifónica de Betanzos con motivo de las Fiestas de Navidad, y reparto de diversos regalos para las niñas allí acogidas.

24 diciembre: Betanzos. Iglesia de Santo Domingo. Misa de Nochebuena, cantada por la Coral Polifónica de Betanzos y al final, breve Concierto de Villancicos.

29 diciembre: Local Social de la Coral: Reunión de confraternidad de los Componentes de la Coral y familiares, para despedir el año.

Coral Polifónica de Betanzos

ASOCIACIÓN CULTURAL EIRA VELLA

A actividade externa da AC Eira Vella comezou o 14 de abril, lembrando un ano máis ás vítimas betanceiras da represión do 36 coa colocación dunhas flores na entrada do Museo das Mariñas, a carón da réplica da placa existente no Centro Betanzos de Buenos Aires que recolle os nomes das 33 persoas asasinadas como consecuencia do levantamento militar fascista. O acto foi acompañado dunha lectura poética.

O 23 de abril, Felipe Senén impartiu a conferencia *Chamoso Lamas e o Patrimonio Cultural de Galicia no século XX*, complementando con ela un artigo que tiña publicado na Xanela de outono de 2010. Na conferencia destacou a figura de Chamoso como un dos persoeiros máis comprometidos na defensa, recuperación e posta en valor da cultura e o patrimonio de Galicia, facendo especial referencia á relación de Chamoso Lamas con Betanzos.

O programa continuou o 13 de maio cunha conferencia no marco das actividades en torno ao Día das Letras Galegas dedicado ao poeta do Courel, Uxío Novoneyra. Esta conferencia correu a cargo do profesor Anxo Tarrío, catedrático de Filoloxía Galega e Portuguesa na USC, e que conta con diversos traballos sobre a figura e a poesía de Novoneyra. A lembranza ao autor homenaxeado continuou o día 21 de maio, cun recital poético no que nenos e maiores recitaron parte da súa obra, e no que non faltou o *Poema dos Caneiros*, que o poeta dedicou a Betanzos. Para este recital, a Asociación Cultural Eira Vella contou coa colaboración, como en anteriores ocasións, do CEIP Vales Villamarín de Betanzos.

Durante o mes de xuño, Eira Vella colaborou intensamente coa Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña (CRMH) con dúas actividades desenvolvidas en Betanzos e na súa comarca. A primeira destas actividades tivo lugar o 4 de xuño, a charla coloquio *As fosas de Aranga. A represión franquista en 1936*, na que participaron os historiadores Xesús Torres, Eliseo Fernández e Manuel Pérez Lorenzo e que serviu para presentar ao público a investigación levada a cabo nas fosas de Aranga, particularmente na fosa de Vilarraso, aínda que tamén se abordou o tema da represión en Betanzos e Sada. Por outra banda, e complementando a esta charla-coloquio o 12 de xuño tivo lugar un roteiro polo lugares da memoria, no que se visitaron algunhas das fosas e



dos lugares máis simbólicos da represión, en Guitiriz e Aranga, fundamentalmente.

Entre as dúas actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica, concretamente, o 11 de xuño, presentamos en Betanzos o número 29 da Xanela para o que contamos co cantautor *Fuco Xabier*, no apartado musical. A Xanela número 29 contou coas colaboracións no apartado de creación literaria de Gabriela Rodríguez, Francisco Paineira e Maxi Rei. A creación artística correu a cargo de Sabela Arias, Víctor Tizón, Olaia e Luís Otero. No apartado de letras de Portugal, Eduardo Olímpio, Susete Viegas, ando Botto Semedo e Antonio de Santos Silva os seus versos nas páxinas da Xanela. A revista tamén contou cun apartado dedicado a Memoria do 36 dedicado a Luisa Viqueira Landa, nomeada recentemente Republicana de Honra pola CRMH. A sección O noso patrimonio permitiu o achegamento á parroquia de San Pedro de Borriñáns da man de Xosé María Veiga Ferreira e Juan Sobrino Ceballos. Pola súa banda, Antón Fernández Malde deu unha

perspectiva desde a arqueoloxía galega no 150 aniversario da «orixe das especies de Darwin» e Manuel B. Dans analizou a dimensión mística do cabelo e da melena. Non faltou espazo para o folclore da man de Moncho do Orzán que lembrou a Mauricio Farto e para a música por parte de Xosé Luís Sobrino, que nos achegou as novas facianas na escena da canción de autor. Por suposto A Xanela tampouco podía esquecer a homenaxe a Uxío Novoneyra, poeta ao que se lle dedicaron as Letras Galegas do ano 2010. A revista dedicou varias das súas páxinas ao autor, tendo moi en conta aqueles aspectos que o relacionaron con Betanzos. O número 29 da Xanela pechouse con Baraxeiro e a súa recompilación de novas publicacións.

No mes de xullo, foi presentado o poemario *Espertar*, terceiro título da colección Xanela de Poesía, e no que palabras e imaxes se atopan mutuamente grazas aos versos de Lino García e as fotografías de Helena Robledo. Para a presentación contamos coa presenza do escritor betanceiro Xabier López López, prologuista da obra, ademais dos propios autores.

No mes de setembro Eira Vella volveu a contar con Xabier López López, que presentou a súa obra *Os libros prestados*, acompañado no acto polo editor Carlos Lema e o escritor Santiago Jaureguizar. Os libros prestados é un libro de relatos no que queda patente a relación entre o ser humano e os libros.

Durante o mes de outubro a Asociación Cultural Eira Vella promoveu unha homenaxe a un dos seus membros fundadores, o intelectual Xulio Cuns, home comprometido coa cultura desde disciplinas moi diferentes: a literatura, a música, o teatro.... A homenaxe, que recibiu unha resposta positiva moi ampla de todos os sectores da sociedade betanceira, consistiu, por unha banda, nunha exposición bio-bibliográfica que tivo lugar durante a segunda quincena de outubro na Sala de Exposicións do Edificio Arquivo. Por outro lado, celebrouse un encontro artístico-literario para o que se contou coa presenza de amigos de Xulio Cuns, que compartiron con el, ao longo da súa vida diferentes facetas da súa variada actividade cultural e que lle dedicaron unhas palabras de recoñecemento. Entre os participantes nesta parte do acto atópanse Xesús Torres (quen conduciu o encontro), Xabier López, Alfredo Erias, Xosé María Veiga, Pachico, Daniel Martínez, Carlos Álvarez. Tamén se leron algúns fragmentos da



obra de Xulio Cuns, tanto da súa recopilación de contos populares como das súas traducións de outros autores ao galego a cargo de Mariña Longueira, *Gabriela Rodríguez e Olaia Torres*. *Os actores* Olga Patiño, Miguel Basoa e Juan Vázquez representaron o acto final dunha peza teatral lembrando así a súa faceta de actor. Tamén tiveron lugar dúas actuacións musicais, unha a cargo do grupo de Álvaro Muras (co fillo de Xulio) e finalmente, como colofón, a actuación da Banda Municipal de Betanzos. A presidenta de Eira Vella, Gabriela Rodríguez, fíxolle entrega a Xulio Cuns dunha escultura en madeira, obra de Luis Otero, e o gravador José Valentín tamén quixo sumarse á homenaxe entregándolle un gravado seu. Ademais da homenaxe a Xulio Cuns, o 9 de outubro Eira Vella participou nos dous minutos de silencio diante da Casa Gótica convocados desde as redes sociais por unha parte da cidadanía



Veiga

betanceira a través do grupo «Betanceiros en el mundo», e ao que se uniron outras asociacións da cidade, para demandar unha solución a situación do casco histórico de Betanzos.

En decembro como ven sendo habitual, presentouse *A Xanela nº 30*. O compositor betanceiro Carlos López García Picos é lembrado nas súas páxinas por Teresa López Ares e Javier Ares Espiño, incluíndo un inventario provisional da súa obra e á espera dunha catalogación definitiva da mesma. Xuxo Torres publica as conversas que mantivo co compositor onde fala dos seus primeiros anos vividos no barrio da Madalena. Maxi Rei, Gabriela Rodríguez, Mario Marcos Pardo, X. Torres, Mª Virginia Monteiro, Manuel Fiaño, Xosé Mª Veiga e Juan Sobrino, Manuel Dans no apartado de creación e patrimonio. As ilustracións de Luís Otero, Olaia Torres, Sabela Arias e Victor Tizón. A música de Juan Carlos Casal Jazz Trío pechou o acto que novamente contou con un bó número de asistentes aos que se lle entregou a revista como ven sendo habitual. O ano de actividades pechouse coa presentación do poemario *Espertar* na sede da Agrupación Cultural Alexandre Bóveda na Coruña.

Xunta Directiva

CONSERVATORIO MUNICIPAL DE MÚSICA CARLOS LÓPEZ GARCÍA-PICOS

Na sala de xuntas do conservatorio municipal de música, o día 23 de setembro de 2009, reúnese o claustro de profesores a fin de ultimar os preparativos do novo curso 2009-2010.

Na mesma data, mantense unha primeira xuntanza por parte da dirección e do profesorado cos pais do alumnado, coa finalidade de informalos da posta en marcha do novo curso e tratar xa de concretar os horarios dos diversos instrumentos. A data do comezo do curso 2009-2010 queda fixada para o día 1 de outubro de 2009.

O número de alumnos matriculados, incluído os de iniciación á música é de 104, distribuídos nos seguintes cursos:

Iniciación á música.	27
1º L.O.E.	25
2º L.O.E.	18
3º L.O.E.	16
4º L.O.E.	10
TOTAL	96

As materias regradas que se imparten son:

LINGUAXE MUSICAL (1, 2º, 3º, E 4º L.O.E.)

EDUCACIÓN VOCAL (1, 2º, 3º, E 4º L.O.E.)

INSTRUMENTOS:

VENTO-MADEIRA: (Clarinete, Frauta traveseira, Saxofón e Oboe).

VENTO-METAL: (Trompeta, Trombón, Trompa e Tuba).

CORDA FREGADA: (Violín, Violoncello e Contrabaixo).

GUITARRA E BANDURRIA.

PERCUSIÓN.

PIANO.

O número de profesores é de 7.

CONCERTO DA ILUSIÓN

Tivo lugar o domingo 29 de novembro de 2009 ás 20:30 horas da tarde na Igrexa de San Francisco.

Neste concerto, a cargo da Banda Municipal de